

NOTA DE PRENSA

Biólogos expertos en diferentes áreas explicarán mañá na facultade de Ciencias da Coruña os múltiples campos nos que poden traballar estes profesionais

Dende a biotecnoloxía ata a bioloxía do lecer

Santiago-A Coruña, 9 de maio de 2011 (Vía Láctea Comunicación).- O salón de actos da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña acolle mañá martes, ás 12:00 horas, unha xornada informativa sobre “As actividades profesionais dos biólogos”. Expertos en diferentes áreas explicarán as múltiples e variadas actividades que poden desenvolver estes profesionais no ámbito laboral. A iniciativa está impulsada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA).

Na xornada intervirán **Horacio Naveira Fachal**, decano da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña; **Mercedes Casal Jiménez**, decana do COBGA; **M^a Fernanda Diéguez Garza**, bióloga especialista en hixiene e seguridade dos alimentos; **Francisco José Fraiz Álvarez**, especialista en análises clínicas do Hospital Lucus Augusti de Lugo; **Nuria Matos Patiño**, experta en tecnoloxía ambiental; e **Enrique Pena González**, biólogo, directivo da consultora PFS Grupo.

O campo de actuación dos biólogos é tan variado que vai dende a biotecnoloxía, centrada na I+D e no control de procesos biolóxicos industriais, ata a denominada “bioloxía do lecer”, relativa á xestión de parques zoolóxicos, xardíns botánicos, museos de ciencias, acuarios e centros de interpretación da natureza.

Os biólogos tamén traballan no ámbito da asesoría e a xestión; que abrangue aspectos como a avaliación de impacto ambiental, o paisaxismo e a restauración do medio natural, a xestión de espazos naturais ou dos recursos mariños, a realización de estudos cinexéticos, a xestión e tratamento de residuos ou a prevención de riscos laborais, entre outros.

No relativo á análise e control da calidade, estes profesionais poden intervir na produción, transformación, control e conservación de alimentos, no control de epidemias e pragas, no desenvolvemento de fármacos, así como na análise da contaminación. No eido da sanidade humana, animal e vexetal poden realizar tanto análises clínicas como radiofísica hospitalaria, xenética e planificación familiar, reprodución asistida, nutrición e dietética, tratamentos fitosanitarios...

No ámbito da produción, os biólogos actúan en campos como a agricultura, a silvicultura e a gandería, a apicultura e a helicultura, a acuicultura de auga doce e mariña, a viticultura ou a enoloxía. Tamén asesoran no referente ás novas tecnoloxías aplicadas á bioloxía. E poden dedicarse á docencia, así como á educación e interpretación ambiental e para a saúde.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es